

CRÍTICA

Pegadas do Barbanza no retablo maior da igrexa da Compañía, o máis barroco de Compostela

Dolores Villaverde

É ben sabido para os interesados na arte galega que dous dos máis importantes escultores e entalladores do barroco en Galicia foron os composteláns Miguel de Romay e Simón Rodríguez. E igualmente é coñecido que a vila de Noia foi un dos focos destacados de artistas nos séculos XVIII e parte do XIX.

Entre 1720 e 1730 o arquitecto e escultor Simón Rodríguez traballa en varias ocasións para a Compañía de Xesús en Santiago de Compostela. En concreto, no ano 1727 dá as trazas para o retablo maior da igrexa da Compañía, hoxe máis coñecida coma da Universidade, que se localiza a carón da facultade de Historia, en pleno casco vello compostelán.

O retablo que preside a igrexa é considerado o máis barroco e orixinal dos feitos en Compostela, e sen dúbida tamén é dos máis fermosos. Simón Rodríguez dará as trazas, pero nel traballarán Miguel de Romay e dous homes nados e formados en Noia: Ignacio Romero e Diego Fernández de Sande (este último xa coñecido polos lectores do Barbanza, pois del xa se fixo mención no suplemento número 15 de A Voz de Barbantia).

Trátase dunha peza colosal que se realizou baixo a tutela de Rodríguez, sendo Miguel de Romay e Ignacio Romero os ensambladores, mentres a Diego de Sande lle correspondería



Dous noíeses traballaron no retablo

a parte escultórica.

A peza, de gran altura, ocupa todo o muro do presbiterio, adecuándose ás dimensións do templo. As dimensións e o espazo serán as máis adecuadas para o desenvolvemento dos ideais e escenografías típicas do barroco: Álzase sobre dobre pedestal e organízase en dous corpos divididos en tres rúas, aínda que rúas e corpos

non gardan correspondencia entre si. Domina na peza un audaz xogo visual que tenta dar primacía á parte central coas súas maiores dimensións fronte ás laterais máis estreitas.

Sobre a mesa de altar vai o Sagrario e, sobre el, o grupo escultórico máis salientable: A Asunción de María ao ceo, que parece flotar diante dun relevo que representa o santo fundador da Orde, Santo Ignacio de Loyola en éxtase ante o crucificado. Sobre o relevo, un sol radiante co corazón e siglas do nome de Xesús, IHS, símbolo da orde xesuíta. Como colofón, o Pai Eterno que, colocado sobre a gran placa que remata a peza, parece «virse enriba» do espectador que o ve.

A variada ornamentación é típica do barroco do XVIII, coas columnas panzudas que recobren os seu fustes con borlas, óvalos e motivos vexetais, e introdúcese un elemento ornamental sempre vinculado a Rodríguez, o cilindro.

A temática da peza hai que relacionala coa época na que se contratóu, era o momento da contrarreforma católica; de aí o interese en consagrar o retablo a exaltar a eucaristía e a Virxe María, sen esquecer o fundador da orde, que aparece nun segundo plano. O efecto resultante, á fin, é de inestabilidade, grandiosidade e ornamentación desbordante, algo propio da teatralidade do barroco.

— X. Ricardo Losada —

Clásico

Releo Montaigne todos os veráns. Aínda que naceu en 1533, ten plena vixencia. Pero pásame algo curioso, que non me sucede con ningún outro filósofo. Non podo falar con el na miña casa. Cunha persoa tan res-



pectuosa, que pronuncia as palabras coma se quixese que non as recordases, só podes falar nun lugar especial.

Atopei ese lugar no monte Pena. Nunha rocha que dá á ría de Arousa. Só se ve monte, ceo e mar. Nada que distraía as palabras. Nin chalés, nin antenas parabólicas nin quadros. Para máis, sempre hai unha lixeira brisa; non sei se do mar ou das frases de Montaigne. Prefiro quedar coa dúbida. O importante é gozala na calor de agosto. Para iso é o verán. Leo, levanto a cabeza, pecho os ollos e recordo o que acabo de ler: «O verdadeiro espello das nosas razóns é o transcurso das nosas vidas». Entón a brisa traspasa a cara e refresca a mente. E o corazón.

Tormentas

Pero non todo é tan idílico. Tamén hai tormentas de veráns: «Hai que dulcificarlles aos nenos os alimentos salubres e amargarlles os nocivos». Con frases así, non son capaz de pechar os ollos. Un lóstrego recórdame que, cinco séculos despois, facemos o contrario. Dulcificamos o nocivo (aí tendes os excesivos regalos de reis) e amargamos o salubre. As palabras de pais e mestres, que deberan ser suaves pero firmes, son ásperas e débiles: gritos impotentes.

Brisa e tormenta. Dúas boas razóns para ler, contra vento e marea, a un clásico. O ano pasado ardeu o Pena pero non deixei de ir á cita con Montaigne. Recordei algo que me dixera: «Unha paixón que podes dicir como arde é unha pequena paixón». A miña é grande. Non sabría dicir como arden as palabras de Montaigne nin os pinos do monte Pena. Son lugares intemporais.

María Pérez Rial

Que o sentimento tamén teña dunas é apenas unha coincidencia paisaxística, simple accidente do rift continental ou enfeite do plano do horizonte.

Nunca serán lombas tan perfectas porque a súa curvatura nace da contradición e do paradoxo do corazón, pero comparten dourados silencios e a mesma rouquén do mar axitado en derredor. E tampouco serán seos de leite abalando entre a brétema, senón simples cons de pedra, enmudecidos xigantes que doen e compracen por igual a quen os pode sentir. Evidentemente, sempre abollarán no intelixente caos da beleza e da música, que non teñen tempo Corrubedo nin o corazón para o predicable e o evidente.

En ocasións, na codia do



A luz do faro rachará as augas atlánticas como un reflector insolente, sen máis pretensión que descubrir un lugar, un agocho, apenas as escamas dos barcos que regresan

peito bate o temporal con saña ou roxe a auga co despropósito do volcán, pero nada na costa estriada escapa á orde inevitable, talvez porque as mareas sempre regresan a borrar as pegadas e reparar os erros máis frecuentes.

Pouco despois de o ruxi-

do do mar nevar a praia de Balieiros, érguese un vento lene que peitea as emocións con tenrura, acalmándolas, secándolas contra as pedras como se fosen la ou camisas de serpe. Nace entón a soidade que sempre levan implícita os cabos no seu propio nome, e vén ba-

ter con insistencia nos vidros dos ollos para entrar con todos os seus dereitos. Igual que a luz exacta dun faro.

Último raio

Hai días en que este intre coincide co último raio de sol, co destelo que se deixa esvarar tenro e húmido en derredor das pedras que terman da gran lanterna. Ao seu paso, a contida paisaxe chega a desatarse coa forza dun rorcuil ferido, como unha deusa despiñada e errática. E antes de que as tebras arrefrién as lombas de area enchendoas de recunchos dóciles para o amor, a luz do faro rachará as augas atlánticas como un reflector insolente, sen máis pretensión que descubrir un lugar, un agocho, apenas as escamas dos barcos que regresan.

BOLETÍN SUBSCRICIÓN

Nome..... Enderezo

CP Concello DNI

Teléfono Correo electrónico Provincia

Nº de conta cos 20 díxitos.....

A cota anual de sociola é de 15 € e dá dereito a obter gratuitamente o Anuario de cultura barbanzá que edita a Asociación.

